



PROCEDEMENTO DE RESERVA E ADMISIÓN DE ALUMNADO (2023-2024).

O punto 2 do artigo 5 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil e educación primaria en centros docentes sostidos con fondos públicos, especifica que, **durante o proceso de admisión de alumnado, todos os centros exporán no seu taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:**

1. Normativa reguladora do procedemento.

-Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 11 de febreiro de 2022).

-ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 8 de novembro de 2022).

2. Prazo de presentación das solicitudes.

RESERVA: O prazo de presentación de solicitudes de reserva (ED550A) comprende entre os días 16 de xaneiro e 6 de febreiro (ambos incluídos) (Art 27.1).

ADMISIÓN: O prazo de presentación de solicitudes de admisión (ED550B) comprende entre o día 1 e o 20 de marzo (ambos incluídos). (Art 27.2).



Presentación de solicitudes de admisión segundo os Anexos II, (procedemento ED550B), aprobado pola Orde do 21 de outubro de 2022, que poderá cumprimentarse a través de varios medios:

- Na aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> ou descargarse e cumprimentarse de forma manual polas familias.
- Tamén e posible cumprimentalas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED550B>
- As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial pódense recoller, así mesmo, no centro escolar ou ben baixalas da nosa páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/>

3. Postos escolares ofertados para o curso académico.

EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA
4º INF. (3 ANOS): 25*	1º EP: 9*
5º INF. (4 ANOS): 15	2º EP: 3
6º INF. (5 ANOS): 5	3º EP: 3
	4º EP: 0
	5º EP: 3
	6º EP: 1

** Das que 3 son da reserva regulada polo artigo 2.3 da Orde de 21/10/2022.*



4. Nota informativa:

- Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedirá ata seis (6) centros por orde de preferencia e alegará os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar (Art. 26.3).
- A solicitude de admisión é única para cada alumno/a, ten carácter vinculante e a súa presentación implica que son certos os datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior, así como a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada en día 28 de febreiro (este incluído), poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento (Art. 26.5).
- A solicitude de admisión deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a menor de idade non emancipado. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento. (Art. 26.6).
- Na solicitude de admisión (ED550B) a persoa solicitante poderá optar expresamente por un posto reservado a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Art. 28.1).

5. Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo.

Do 21 de marzo ao 11 de abril. Presentación da documentación acreditativa dos méritos alegados en relación cos criterios de admisión no caso de que haxa máis solicitantes que prazas (Art. 30.2).



6. Data de publicación da listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido e non admitido e prazos de reclamación.

O 25 de abril. Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos. Haberá un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións ante a o consello escolar do centro (Art. 35.2).

O 15 de maio. Publicación de listaxes definitivas de admitidos e non admitidos (Art. 35.4). Poderase presentar recurso de alzada ante o xefe territorial no prazo dun mes (Art. 36.1).

7. Prazo para formalizar a matrícula.

Do 20 ao 30 de xuño (Art. 41.1.a).

CALENDARIO RESUMO DO PROCESO

Presentación de solicitudes.	Do 1 ao 20 de marzo.
Presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados.	Do 21 ao 11 de abril.
Publicación PROVISIONAL do alumnado admitido e non admitido.	25 de abril.
Publicación DEFINITIVA do alumnado admitido e non admitido.	15 de maio.
Formalización da matrícula.	Do 20 ao 30 de xuño.